



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

ÁREA: SERVIZOS SOCIAIS
EXPT: 2026/S012/000001

BASES DO CAMPAMENTO DE CONCILIACIÓN VERÁN 2026 DO CONCELLO DE MIÑO

1.- Obxecto

O Concello de Miño pon en marcha o campamento de conciliación no verán 2026 para promover a igualdade, a corresponsabilidade e a socialización tanto nas familias como entre participantes. O fomento da igualdade de xénero é unha prioridade no campamento, xunto coa eliminación das desigualdades e a integración dos colectivos en risco de exclusión social. Abordaranse estes temas desde diferentes puntos de vista e con actividades transversais e específicas.

2.- Destinatarios

O campamento de conciliación está destinado a aquelas nenas e nenos nados entre os anos 2014 e 2022 (ambos inclusive) e que cumpran os seguintes **REQUISITOS**:

- Empadroadas/os no Concello de Miño a 1 de marzo de 2026 ou fillas/os de persoas que acrediten ter un posto de traballo en Miño.
- Situación de activo laboral de ambos proxenitores ou titores legais.
- Horario de traballo de mañá ou de noite de ambos proxenitores ou titores legais de luns a venres.
- Ambos proxenitores ou titores legais sen vacacións no mes solicitado (valorarase a situación).

As prazas asignaranse tendo en conta a renda per cápita das unidades familiares solicitantes, ordenando as solicitudes por orde crecente.

3.- Descrición do Campamento

3.1.- Datas

O campamento divídese en catro quendas: **primeira e segunda quincena de xullo e primeira e segunda quincena de agosto.**

Poderanse solicitar as catro quendas pero darase preferencia a que tódolos solicitantes que cumpran os requisitos establecidos teñan concedido unha.

- Primeira quincena de xullo: do 1 ao 15
- Segunda quincena de xullo: do 16 ao 31
- Primeira quincena de agosto: do 03 ao 14
- Segunda quincena de agosto: do 17 ao 28

3.2.- Lugar

O campamento levaranse a cabo en dous espazos diferentes:

- Local Social de Bemantes
- Local Social de Xarío

Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Miño [<https://sede.concellodemino.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

ÁREA: SERVIZOS SOCIAIS
EXPT: 2026/S012/000001

3.3.- Prazas

Ofértanse un total de 80 prazas na primeira e segunda quenda de Xullo, e 70 prazas na primeira e segunda quendas de agosto, marcándose un mínimo de 20 participantes para por en marcha o campamento nas dúas sedes.

As prazas asignaranse tendo en conta a renda per cápita das unidades familiares solicitantes, ordenando as solicitudes por orde crecente tendo en conta os requisitos descritos no apartado 2 das presentes bases.

De quedaren prazas valeiras permitirase a entrada a solicitantes que non cumpra os requisitos do apartado 2. Para a asignación destas prazas se seguirá tendo en conta a renda per cápita.

Os solicitantes poderán seleccionar un lugar de preferencia entre as dúas opcións dispoñibles, pero corresponde ó Concello de Miño a decisión do lugar de asistencia en base a criterios de proximidade e estrutura do grupo (idades, horarios, etc.).

3.4.- Horario

O horario de entrada pode verse modificado de oficio polo Concello de Miño en función das necesidades organizativas dos diferentes grupos, sempre antes do comezo da actividade.

Os horarios que se ofrecen son:

Entrada:

- o En calquera momento entre as 7.30 - 9.30 h.
- o Ás 10.00 h.

Saída:

- o Ás 14.00 h.
- o Entre as 15:00 e as 16:00 h. Non hai servizo de comedor, polo que deberán traer a comida da casa coa posibilidade de quentalo no microondas.



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

ÁREA: SERVIZOS SOCIAIS
EXPT: 2026/S012/000001

4.- Preinscrición

O prazo de preinscrición para calquera quincena é do **mércores 13 de maio ás 09:00 horas ao martes 26 ás 12:00 horas. Calquera solicitude presentada fóra destas datas, considerarase unha solicitude fóra de prazo.**

De quedaren prazas libres, poderanse apuntar unha vez finalizado o prazo.

A documentación complementaria a presentar coa preinscrición é a seguinte:

- Xustificante de ingresos económicos dos membros da unidade familiar de convivencia presentado:
 - Fotocopia de declaración da renda correspondente ao exercicio 2024
 - No caso de non estar obrigado a efectuar a declaración da renda, deberase de presentar certificado de imputacións de renda do exercicio fiscal 2024 emitido pola Axencia Tributaria
- Documento xustificativo do traballo de ambos proxenitores ou titores legais :
Un dos seguintes: Vida laboral actual, recibo de autónomos actual OU nómina actual.
- Certificado de empresa co horario no mes solicitado de ambos proxenitores ou titores legais.
No caso de persoal autónomo, declaración xurada.
- Certificado de empresa coa data das vacacións no ano 2026 de ambos proxenitores ou titores legais.
No caso de persoal autónomo, declaración xurada.

Presentación telemática na Sede electrónica do Concello de Miño ou presencial no Rexistro Municipal.

5.- Publicación da listaxe provisional e listaxe final

O martes 2 de xuño publicarase na páxina web do Concello de Miño a listaxe con aqueles solicitantes que aportaron toda a documentación e aqueles os que se lles require.

O prazo para subsanar a documentación necesaria será do martes 2 de xuño ó luns 8 de xuño ás 12:00 horas.

O martes 09 de xuño publicarase na páxina web do Concello de Miño a listaxe provisional.

O prazo para alegacións será do mércores 10 de xuño ó venres 12 de xuño.

- De existir menos solicitudes que prazas, adxudicaranse **directamente a todos aqueles que cumpran os requisitos.**
- De existir mais solicitudes que prazas, adxudicaranse as prazas tendo en conta a renda per cápita das unidades familiares solicitantes, ordenando as solicitudes por orde crecente.

O luns 15 de xuño a partir das 14:00 horas, publicarase a listaxe definitiva coa adxudicación de prazas e unha listaxe de reserva.



Concello de Miño
Rúa A Carreira, 38 - 15630 Miño

ÁREA: SERVIZOS SOCIAIS
EXPT: 2026/S012/000001

6.- Prazo de pago

O custo do campamento de conciliación réxese por prezo público, sen descontos aplicables. O pago realizarase mediante TPV no propio Concello, auto liquidación, transferencia, ou ingreso bancario en calquera das seguintes contas bancarias, de titularidade municipal.

- ABANCA: ES63-2080-0087-72-3110000015
- BBVA: ES84-0182-4300-74-0000000041
- SANTANDER: ES41-0049-2950-38-1010038930
- LA CAIXA: ES06-2100-6309-98-0200000446

Na transferencia débese indicar claramente: **Campamento Conciliación Miño Respira 2026, nome e apelidos da/o participante, o mes e quenda de asistencia e lugar onde se celebra.**

O prazo para a realización do pago é do luns 15 ó martes 23 de xuño.

Unha vez realizada a transferencia, débese facilitar o xustificante bancario no correo electrónico: **tesoureria@concellodemino.gal** no mesmo prazo da realización do pago.

De non entregarse o xustificante bancario conforme o pago correctamente antes do prazo estipulado, implicará a perda da praza no campamento e a súa ocupación por un integrante da listaxe de reserva.

De non realizar o abono da totalidade das quendas nas que foi seleccionada/o entenderase como renuncia as quendas non aboadas correspondentes.

7.- Renuncia a praza e devolución do importe

Unha vez adxudicadas ás prazas e realizado o pago só se executará a devolución do importe no caso de razón médica debidamente xustificada por informe médico e no caso de producirse antes do comezo do mes.

En Miño, na data da sinatura electrónica
O alcalde

Asdo.- Manuel Vázquez Faraldo